



SESION ORDINARIA DE 25 DE MAIO DE 2021

(Acta número 05)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
 D^a. M^a. del Pilar García Porto
 D. Pablo Rivera Capón
 D^a. Mayra García Bermúdez
 D. Roberto Fernández Rico
 D. Xosé M^a. Arias Fernández
 D. José Luis Raposo Magdalena
 D^a. Mónica Freire Rancaño
 D. Efrén Castro Caloto
 D. Javier Jorge Castiñeira
 D. Agustín Baamonde Díaz
 D. José Antonio García López
 D. Roberto García Pernas
 D^a. Dolores Castro Ochoa
 D. Pablo Taboada Camoira
 D. José Jesús Novo Martínez
 D^a. María Loureiro García
 D. Oscar Poy Franco
 D. José Pardo Lombao
 D. Francisco Javier Balado Teijeiro
 D. José Ángel Santos Sánchez
 D. Jesús Manuel Núñez Díaz
 D^a. Ana M^a. González Abelleira
 D. José Manuel Gómez Puente

Secretaria:D^a. María Esther Álvarez Martínez**Interventora:**D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas e dez minutos do día **vinte e cinco de maio de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Alvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	1/53



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E UN.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de abril de dous mil vinte e un e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202105251023000000_FH.mov&topic=1

PARTE RESOLUTIVA

COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO


2.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DEFINITIVA DA “HOMOLOGACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS E PLENA APLICACIÓN Ó PERSOAL SUBROGADO DO CONVENIO COLECTIVO ÚNICO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN”.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“O Pleno da Corporación da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 29 de decembro do 2020 aprobou inicialmente a proposta de HOMOLOGACIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS E PLENA APLICACIÓN Ó PERSOAL SUBROGADO DO CONVENIO COLECTIVO ÚNICO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN (CCU).

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	2/53



A dita proposta, foi previamente aprobada por Acordo da Mesa Xeral de Negociación, de 16 de decembro do 2020, dando así remate ao proceso iniciado coa disolución da fundación TIC e a integración do seu persoal no Servizo de Audiovisuais da Entidade provincial.

En cumprimento das previsións recollidas no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, a modificación da Relación de Postos de Traballo foi sometida a información pública na Secretaría Xeral desta Entidade, por un prazo de 20 días, contado a partir do anuncio do dito trámite, publicado no BOP nº 023 do venres, 29 de xaneiro de 2021. A dita proposta de Homologación e integración no convenio colectivo ten o seguinte contido:

“I.- PROPOSTA APROBADA NA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN

Con data 15 de decembro de 2020 reuniuse a Mesa Xeral de Negociación desta Entidade para tratar entre outros asuntos a “Proposta para a homologación dos postos de traballo do Servizo de Audiovisuais e plena aplicación ó persoal subrogado do Convenio Colectivo Único de persoal laboral da Deputación”. Despois das reunións celebradas os días 15 e 16 deste mes, a proposta definitiva ten o seguinte contido:

“1.- ANTECEDENTES RESPECTO A INCORPORACION DO PERSOAL DA EXTIGUIDA FUNDACIÓN TIC Á DEPUTACIÓN COMO CONSECUENCIA A DA CONTINUACIÓN DA ACTIVIDADE DE AQUELA POLA DEPUTACION PROVINCIAL.

1.1 ACORDOS DA DEPUTACIÓN

- *Acordo Plenario de 31 de xullo de 2018 polo que se aproba a proposta de extinción da Fundación para o Desenvolvemento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC).*
- *Acordo Plenario de 27 de novembro de 2018 polo que se aproba a extinción da Fundación TIC, e a asunción das súas competencias, actividades e servizos por parte da Deputación. Aprobación inicial do Regulamento de funcionamento.*
- *Proposta de calendario para a xestión da plena integración do persoal do servizo de audiovisuais provinte da Fundación TIC no convenio colectivo único do persoal laboral.*

A proposta de calendario para a plena integración do persoal do Servizo de Audiovisuais sinalaba:

Acordo Plenario de 27 de novembro de 2018, que sinala:

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaría Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	3/53



“Criterios para a integración do persoal laboral da Fundación TIC na Deputación Provincial de Lugo .

A integración do persoal laboral da Fundación TIC rexeráse polos seguintes criterios:

1.- A integración non extinguirá a relación laboral. A Deputación Provincial de Lugo quedará subrogada nos dereitos e obrigas laborais e de Seguridade Social da Fundación, e, en xeral, cantas obrigas en materia de protección social complementaria houbera adquirido a Fundación TIC.

2.- Os traballadores da Fundación TIC que accederon a condición de empregados desta Fundación pública despois de superar o correspondente proceso selectivo, mediante convocatoria pública nos que se respectaron os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade, formalizando o correspondente contrato laboral fixo, con posterioridade a este proceso, a súa integración na Deputación Provincial realízase como empregados públicos provinciais, na condición de persoal laboral fixo, materializándose na incorporación ao Cadro de persoal e Relación de postos de traballo, nas mesmas condicións retributivas que acrediten no momento da disolución da Fundación TIC, prevista para o 31 de decembro de 2018.


Os empregados da TIC que non acrediten esta condición incorporaranse na que corresponda conforme ao contrato laboral suscrito e vixente na data de integración.

3.- As relacións laborais dos traballadores integrados rexeráse polo disposto no Convenio Colectivo Único para persoal da Deputación Provincial de Lugo, salvo no disposto nos seguintes capítulos:

- Capítulo VII: Permanencia e asistencia no traballo.*
- Capítulo VIII: Condicións profesionais.*
- Capítulo IX: Sistema retributivo.*
- Capítulo X: Condicións económicas.*

Xustifícase esta exclusión transitoria nas peculiaridades e diversidade do réxime de prestación de servizos do colectivo de empregados que se integran, o que existe un estudo e negociación que non é posible realizar no tempo que media ata a disolución da Fundación. No que afecta ós aspectos contidos nos apartados anteriores, seguirán rexéndose polo disposto nos convenios colectivos que regulan a actividade laboral deste colectivo tal como ven sendo actualmente.

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	4/53



4.- A Deputación Provincial de Lugo, comprométese a adoptar as medidas necesarias para a plena aplicación do Convenio Colectivo Único para persoal laboral desta Entidade, así como para a plena equiparación de condicións na proporción que permita a masa salarial desta Entidade e a normativa que resulte de aplicación, antes do 31 de decembro de 2019”

1.2.- APLICACIÓN DO ACORDO PLENARIO. PROPOSTA APROBADA NA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN DE 19 DE DECEMBRO DE 2019 SOBRE A APLICACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO ÚNICO DE PERSOAL LABORAL DA DEPUTACION Ó PERSOAL DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS.

“CAPÍTULOS QUE XA SE ESTÁN APLICANDO:

Capítulos do I ao VI e do XI ao XIV, están sendo aplicados, coas modificacións que puideran ter en acordos posteriores.

Os Capítulos XI (Condicións Sociais) e XII (Fondo Social), esixen un ano de servizos.

2.2.- CALENDARIO DE APLICACIÓN DOS CAPÍTULOS VII, VIII, IX E X:

1º.- Aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2020 a todo o persoal do Servizo, excepto aos docentes, que manteñen a súa situación actual mentres non se faga a valoración de postos.

CAPÍTULO VII.- Permanencia e asistencia ao traballo, no que están incluídos os seguintes artigos.

Art. 17.- Calendario laboral.

Art. 18.- Xornada laboral.

Art. 19.- Vacacións anuais.

Art. 20.- Permisos.

Art. 21.- Outros Permisos.

Art. 22.- Licencias:

Art. 22.1.- Licenza por matrimonio.

Art. 22.2.- Licenza por xestación, parto e lactación.

Art. 22.3.- Licenza por estudos.


Art. 22.4.- Licenza por enfermidade.

Art. 22.5.- Licenza por actuación sindical.

Art. 22.6.- Licenza por exames.

Art. 22.7 a) Licenza por asuntos propios.

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	5/53



Art. 22.7 b) Licenza por garda legal.

Art. 23.- Situacións administrativas.

Art. 24.- Suspensión durante o Servizo Militar.

2º.- Estudio relativo á aplicación dos Capítulos VIII, IX e X: Iniciarase o estudo cara a presentar un primeiro informe en febreiro do 2020.

3º.- Dentro do estudo procederase á homoxeinización retributiva para a adecuación ó establecido no Capítulo IX “SISTEMA RETRIBUTIVO”. Os resultados desta homoxeinización:

- Poderán ser positivos ou negativos respecto ás percepcións actuais do persoal do Servizo de Audiovisuais.
- Aprobaranse e aplicaranse dentro da dispoñibilidade orzamentaria e dos compromisos que se alcancen na Mesa Xeral de Negociación respecto a outras necesidades da organización en materia de Recursos Humanos.
- A elaboración e aprobación realizarase durante o ano 2020 e poderá ter efectos económicos de 1 de xaneiro de 2020”.


Esta proposta foi aprobada na Mesa Xeral de Negociación de 19 de decembro de 2019, co seguinte resultado:

- UGT, vota a favor.
- CSI-F, vota a favor.
- CC.OO., Vota a favor e putualiza que a repercusión económica do que se acorde deberá integrarse e aprobarse no contexto doutras necesidades doutros colectivos da Entidade, tomando en consideración todo en conxunto.
- CIG, abstense.

Á vista de todo o sinalado, resta por aplicar ao persoal do Servizo de Audiovisuais (coa excepción do persoal docente, que tampouco se lles aplica o capítulo VII) os seguintes capítulos do Convenio Colectivo do persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo:

CAPÍTULO VIII.- Condicións profesionais, que inclúe os seguintes artigos:

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	6/53



- Art. 25.- *Principios xerais.*
 Art. 26.- *Grupos de clasificación.*
 Art. 27.- *Mobilidade.*
 Art. 28.- *Estabilidade no emprego.*
 Art. 29.- *Incompatibilidades.*
 Art. 30.- *Modelo de contrato.*
 Art. 31.- *Acceso á plantilla laboral.*
 Art. 32.- *Promoción interna.*
 Art. 33.- *Provisión de postos de traballo.*
 Art. 34.- *Formación do persoal laboral provincial.*

CAPÍTULO IX.- Sistema retributivo.

- Art. 35.- *Sistema retributivo.*
 Art. 36.- *Retribucións básicas.*
 Art. 37.- *Complemento de destino.*
 Art. 38.- *Complemento específico.*
 Art. 39.- *Complemento de produtividade.*
 Art. 40.- *Gratificacións*
 Art. 41.- *Límites á contía global dos complementos específico, de produtividade e gratificacións.*
 Art. 42.- *Estrutura da nómina.*

CAPÍTULO X.- Condicións económicas.

- Art. 43.- *Retribucións.*
 Art. 44.- *Compensación por traballo nocturno e descansos.*
 Art. 45.- *Dietas.*
 Art. 46.- *Gratificacións por servizos especiais e extraordinarios.*
 Art. 47.- *Gratificacións por servizos especiais realizados fora do termo municipal .*
 Art. 48.- *Intereses por mora.*
 Art. 49.- *Xustificación de haberes.*

1.3.- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO PERSOAL SUBROGADO

1ª Non se seleccionan coas mesmas esixencias que están determinadas para acceso de persoal laboral da Deputación. En concreto, as convocatorias esixen un menor número de temas, e non se

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	7/53



establecen temas referidos a “parte común” ou se estableceron en moi inferior número ós que se esixen no acceso a condición de persoal laboral fixo da Deputación e incluso no acceso a condición de persoal laboral temporal.

2ª.- Non se cumpriron as mesmas esixencias de publicidade xa que as únicas publicacións realizáronse só no BOP. Non se publicaron no DOG nin no BOE.

3º Non se esixiron os mesmos requisitos de titulación nas convocatorias para o acceso, detectándose supostos nos que, para o mesmo emprego, en algunha convocatoria esixiuse a titulación que consideramos adecuada e noutras convocatorias esixiuse outros títulos de diferente nivel, incluso de nivel superior, certificados de profesionalidade e determinado tempo de experiencia, en algún caso, só experiencia.

Este é un dos aspectos de mais difícil encaixe á hora de homologar os postos da TIC (hoxe servizo de Audiovisuais) dado que a clasificación profesional que regula o CCU da Deputación ten como base o GRUPO que se vincula a UNHA TITULACIÓN OU VARIAS TITULACIÓNS EQUIVALENTES, sempre do mesmo nivel.

4º.- O réxime retributivo que se ven aplicando ó persoal da extinta Fundación TIC é o previsto nos respectivos Convenios Colectivos. Da análise das nóminas de cada empregado/a, conclúese:

- casos de retribucións superiores (Auxiliares Administrativos) ou inferiores (celadores, persoal de oficios...) a postos análogos na Deputación, e
- diferenzas retributivas entre postos do Servizo de Audiovisuais de denominación igual ou análoga.

5ª Dentro do colectivo de persoal subrogado poden distinguirse dous grupos moi diferenciados pola actividade laboral que realizan e polo réxime de prestación de servizos, particularmente no que fai referencia de permanencia e asistencia o traballo e en concreto no referido a xornada laboral e calendario laboral, que se regula no capítulo VII do Convenio Colectivo. Estes dous grupos son:

- Grupo de persoal da chamada “Produtora”
- Grupo de “ensinantes” que imparten dous módulos de Formación Profesional.

6º Concluindo podería resumirse sinalando que respecto con respecto ó persoal laboral da Deputación se constatan dúas diferenzas esenciais :

- a) Moita menor esixencia no cumprimento dos principios de publicidade mérito e capacidade, con notable incoherencia desta esixencia respecto a un mesmo posto.

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	8/53



- b) *Notables diferenzas no réxime retributivo respecto o persoal homologo da Deputación, con retribucións inferiores en algúns casos e superiores en outros.*

2.- CRITERIOS PARA A HOMOLOGACIÓN E PLENA APLICACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO DO PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN.

2.1 APLICACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO ÚNICO DE PERSOAL LABORAL E DEMAIS ACORDOS QUE CON CARÁCTER XERAL AFECTAN Ó PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN

Ó persoal laboral da extinta fundación TIC, que se integrou na Deputación por subrogación, conforme o Acordo Plenario de 27 de novembro de 2018 polo que se aproba a extinción da Fundación TIC, e a asunción das súas competencias, actividades e servizos por parte da Deputación, seralle de aplicación integramente o Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Deputación provincial de Lugo (BOP de 30 de agosto de 1.990) coas modificacións que se teñan producido desde esa data, así como os Acordos aplicables, con carácter xeral, ó persoal laboral da Deputación, á partir da data de efectividade que se estableza neste Acordo, deixando de ter efectos desde esa data os Convenios Colectivos polos que se viña rexendo o mencionado persoal, así como calquera outra norma específica ou decisión singular que lle viñera sendo aplicada ata esa data.

2.2 INTEGRACIÓN NOS GRUPOS DE CLASIFICACION PREVISTOS NO CCU

2.2.1 CRITERIOS XERAIS

1º Os postos existentes no Servizo de Audiovisuais homológanse con referencia os postos existentes na Deputación seguindo os criterios establecidos na Relación de Postos de Traballo desta Entidade e no acordos que regulan o Sistema de Carreira Horizontal. Nese sentido, como criterio xeral pódese distinguir dous tipos de postos: postos singularizados e postos non singularizados.

a) Postos singularizados. Os postos singularizados homologaranse os análogos asistentes na Deputación conforme resulte da análise descrición e valoración dos mesmos, seguindo os criterios establecidos e aprobados na MXN de 1 de decembro de 2017 e ratificados por Acordo Plenario de 29 de maio de 2018, polos que se aproba a vixente Relación de Postos de Traballo da Deputación.

b) Postos non singularizados. Os postos non singularizados, homologaranse, tomando como base o grupo profesional de clasificación que lle corresponda, segundo o establecido

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	9/53



no artigo 26 do CCU, e con base neste ó cadro de postos non singularizados determinados no Acordo sobre o SISTEMA DE CARREIRA HORIZONTAL, aprobado na MXN de 1 de decembro de 2017, ratificado definitivamente mediante Acordo Plenario de 29 de maio de 2018, no nivel I (NI).

2º O criterio esencial de homologación e clasificación é O GRUPO DE CLASIFICACIÓN profesional regulado no artigo 26 do vixente CCU. A regulación contida neste artigo, é a establecida no artigo 25 da Lei 30/84, dado que o CCU homologa os requisitos de acceso do persoal laboral da Deputación ós esixido na normativa xeral reguladora da función pública para acceso as distintas prazas de persoal funcionario; nese sentido hai que entender que se aplica o artigo 26 coas modificacións de carácter xeral establecidas por distintas normas, sinaladamente no RDL 5/2015 de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público. Esta clasificación por GRUPOS ten como base a esixencia de unha titulación (ou varias do mesmo nivel) para o acceso e inclusión no grupo ou subgrupo correspondente, sendo este o requisito imprescindible para a homologación e inclusión en cada grupo de titulación.

3º Grupo de clasificación e retribucións básicas. O grupo de clasificación profesional determinará as retribucións básicas, nos mesmos termos que se aplique ó resto do persoal laboral da Deputación vinculado ó CCU e conforme o que determinen as leis de Orzamentos Xerais do Estado e a normativa xeral que resulte de aplicación.


4º Determinación do o Complemento de Destino e Complemento Específico. Compre distinguir entre:

- a) Postos singularizados. Previa análise descrición e valoración dos mesmos, os postos singularizados homologaranse a estrutura retributiva establecida na Relación de Postos de Traballo aprobada pola Mesa Xeral de Negociación de 1 de decembro de 2017 e ratificado por acordo plenario de 21 de maio de 2018.
- b) Postos non singularizados. Previo análise, descrición e valoración dos mesmos, os postos non singularizados homologaranse á estrutura retributiva establecida para o Sistema de Carreira Horizontal aprobado pola Mesa Xeral de Negociación de 1 de decembro de 2017 e ratificado por acordo plenario de 21 de maio de 2018

2.2.2 HOMOLOGACIÓN

1º Realizada a análise, descrición de cada posto de traballo, determínase a titulación necesaria e adecuada e demais requisitos para o seu desempeño, Esta titulación determina a inclusión nun

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	10/53



grupo de titulación dos establecidos no artigo 26 do CCU. En consecuencia, o encadramento en cada un dos postos no grupo ou subgrupo de clasificación, realizarase con base na titulación académica necesaria e adecuada, esixida nas bases da convocatoria e acreditada polo empregado nese procedemento.

2º O proceso de homologación respectará as retribucións consolidadas dos empregados que hoxe integran o Servizo de audiovisuais. Nese sentido, os postos que non poidan ser homologados, conforme ó sinalado no punto anterior, manteranse coas actuais retribucións como postos “a extinguir”.

3º Proceso de homologación ó grupo de titulación dos postos non singularizados.

a) Cando a titulación esixida no proceso selectivo sexa a adecuada ás características e funcións de cada posto de traballo e do grupo ou subgrupo de titulación esixido no artigo 26 do CCU e esta titulación fora acreditada polo empregado/a no correspondente proceso selectivo, homolégase ó grupo que lle corresponda segundo o establecido no mencionado artigo 26 do CCU e con base neste ó cadro de postos non singularizados determinados no Acordo sobre o SISTEMA DE CARREIRA HORIZONTAL, aprobado na MXN de 1 de decembro de 2017, ratificado definitivamente mediante Acordo Plenario de 29 de maio de 2018, no nivel NI. Os/as empregados/as que cumpran estes requisitos, integraranse no grupo ou subgrupo respectivo, que determinará a contía do soldo base e o valor dos trienios. O CD e CE será o establecido no cadro de postos non singularizados determinados no Acordo sobre o SISTEMA DE CARREIRA HORIZONTAL. Como regra xeral, e dado que a subrogación e integración do persoal da antiga Fundación TIC na Deputación realizouse con efectos de 1 de xaneiro de 2019, a homologación realizarase no NIVEL I, salvo que o/a empregado/a non acreditase 1 ano de servizos a Deputación integrándose, neste suposto, no NIVEL ENTRADA

b) Cando se esixira unha titulación superior á que corresponda como adecuada e necesaria para o desempeño do posto de traballo, e esta, fora acreditada polo empregado/a no proceso selectivo, homologarase integrándose no grupo de titulación que corresponda coa titulación que lle fora esixida e acreditada, atribuíndolle, a maiores das funcións que viñera desenvolvendo, aquelas para as que lle faculta a titulación e que resulte necesarias e acordes coa prestación do servizo e melloren os resultados e a calidade do mesmo .

c) Cando no proceso selectivo se esixiran unha ou varias titulacións de distinto nivel e/ou requisitos de experiencia, a homologación total non poderá realizarse de inmediato. En consecuencia:

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	11/53



- c1) *Manterase o posto declarándose “a extinguir”, e homologándose parcialmente ó grupo de titulación correspondente ó título mínimo esixido na convocatoria ata a súa regularización definitiva, mediante o correspondente proceso de promoción interna ó grupo de titulación inmediatamente superior, respectándose as retribucións consolidadas que viñera percibindo o titular do mesmo se son superiores na actualidade.*
- c2) *Manterase o posto declarándose “a extinguir”, homologándose ó grupo de titulación correspondente ó título mínimo esixido na convocatoria ata a súa regularización definitiva, mediante o correspondente proceso de promoción interna ó grupo de titulación inmediatamente superior, cando as retribucións sexan inferiores ás correspondentes ó grupo de titulación ó que se homologa, percibindo esta nova retribución.*
- d) *Tamén se declararán “a extinguir”, os postos que sexan de contido idéntico a outros existentes na da Deputación (Xefe de Servizo, Aux. Administrativo e Celador que, por ter, neste caso as funcións de Porteiro pasa a asignárselle esta denominación), xa sexa porque deban ser desempeñados en réxime funcional e/ou porque as súas retribucións sexan superiores.*
- e) *Modificaranse a denominación dos postos cuxas funcións se corresponden con outros da Deputación (Empregado Servizos Varios que pasa a denominarse Operario Servizos Múltiples) ou por considerar máis adecuada a nova denominación.*

3.- MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL

Como consecuencia da homologación e plena aplicación do Convenio Colectivo Único para persoal laboral da Deputación en aplicación da normativa de función pública local, procede adecuar o Cadro de Persoal ás modificacións que se derivan da mencionada homologación, modificando o Cadro de persoal laboral no referente á denominación das prazas e a vinculación ó grupo de clasificación profesional. Así mesmo modificarase o Anexo de Persoal vinculando as prazas do Cadro de Persoal ós postos de traballo correspondentes.

4.- FUNCIONARIZACIÓN

A Deputación de Lugo, aprobou un plan de funcionarización de xeito que con carácter xeral, os postos de traballo desta Entidade sexan desempeñados por persoal en réxime funcional. Nese sentido:

- a) *Crearanse os postos de traballo en réxime funcional cando correspondan cos existentes no Cadro de Persoal e RPT da Deputación*

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	12/53



b) *Procederase ó estudo do resto dos postos de traballo existentes no Servizo de Audiovisuais co obxecto de proceder á funcionarización correspondente.*

5.- PLENA APLICACIÓN DO CONVENIO COLECTIVO ÚNICO PARA PERSOAL LABORAL DA DEPUTACIÓN DE LUGO E DEMAIS NORMATIVA APLICABLE A ESTE TIPO DE PERSOAL

A adopción do presente Acordo supón a aplicación plena ao vixente Convenio Colectivo Único aprobado polo Pleno da Deputación de Lugo o 30 de xullo de 1990 e publicado no BOP de Lugo o 30 de agosto de 1990 coas modificacións que se teñen producido no mesmo tanto polos Acordos desta Entidade como os derivados da normativa xeral laboral ou de emprego público que resulte de aplicación. Tamén serán de aplicación os Acordos ou Pactos que regulan o persoal laboral da Entidade, salvo que a natureza do contido dos mesmos o impida. En consecuencia, quedan sen efecto os convenios, pactos ou acordos polos que se viñera rexendo a relación laboral deste persoal na Fundación TIC ou na Deputación de Lugo ata a entrada en vigor deste acordo.

6.- EFECTOS RETRIBUTIVOS

As modificacións retributivas que supoña este Acordo non poderán supoñer un incremento superior o 0,3% da masa salarial do correspondente ó ano 2020. En consecuencia os incrementos retributivos que puideran producirse con consecuencia da homologación, aplicaranse na porcentaxe que respecte a limitación sinalada, establecéndose esta sobre a contía do Complemento específico. Esta limitación eliminarase na medida que a dotación orzamentaria o permita.

7.- EFECTIVIDADE DO ACORDO

O presente Acordo farase efectivo unha vez aprobado definitivamente polo Pleno da Entidade coa efectividade que a normativa orzamentaria o permita”.


II.- APROBACIÓN NA MESA XERAL DE NEGOCIACIÓN

Como xa se ten dito, esta proposta foi sometida á consideración da Mesa Xeral de Negociación en sesións celebradas os días 15 e 16 de decembro de 2020, e foi aprobada pola maioría da representación das organizacións sindicais presentes na mesma.

III.- PROPOSTA DE ACORDO

Á vista de canto antecede, proponse ó Pleno da Deputación Provincial, a aprobación da Proposta para a homologación dos postos de traballo do Servizo de audiovisuais e plena aplicación ó

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	13/53



persoal subrogado do Convenio Colectivo Único de persoal laboral da Deputación e, en consecuencia:


1º.- *Modifícase a vixente Relación de Postos de Traballo, homologándose ós postos de traballo do Servizo de Audiovisuais conforme se recolle no cadro adxunto, baixo o título: RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO SERVIZO DE AUDIOVISUAIS RESULTANTE DA HOMOLOGACIÓN.*

A aplicación das retribucións que se derivan da mencionada modificación da RPT, aplicaranse dentro do límite do 0,3 % da masa salarial do ano 2020. En consecuencia, baixo o criterio de que se respectaran e non se diminuíran as retribucións anuais brutas do persoal subrogado, os incrementos retributivos que se produzan en determinados postos como consecuencia do proceso de homologación, veranse reducidos na porcentaxe que corresponda para non superar o límite antes sinalado, aplicándose dita redución, na contía do complemento específico establecido no cadro de modificación da RPT que se acompaña. A concreción individualizada desa redución realizarase por resolución da Presidencia en execución do presente Acordo.

2º.- *Así mesmo, desde a entrada en vigor deste Acordo, o persoal laboral do Servizo de Audiovisuais, quedará incluído no ámbito de aplicación do Convenio Colectivo Único para persoal laboral desta Deputación, aprobado en sesión plenaria de 30 de xullo de 1990, coas modificacións posteriores derivadas de acordos desta Entidade e da aplicación da normativa xeral de réxime laboral ou da normativa de emprego público que resulte de aplicación. En consecuencia, desde a entrada en vigor deste Acordo, quedan sen efecto os convenios, pactos ou acordos polos que se viñera rexendo a relación laboral deste persoal coa Fundación TIC ou coa Deputación de Lugo. Tamén lles será de aplicación os acordos ou pactos aplicables ó persoal laboral da Deputación de Lugo”.*

O Acordo da Mesa Xeral de Negociación, de 16 de decembro do 2020, de homologación de condicións de traballo e plena aplicación do CCU ao persoal provinte da fundación TIC, trala súa disolución, e integrado no Servizo de Audiovisuais da Deputación provincial de Lugo, conforme ao establecido na lexislación laboral de aplicación, ratificado polo Pleno da Corporación da Deputación de Lugo, en sesión celebrada o 29 de decembro do 2020, ten a forza vinculante dun convenio colectivo, de acordo co sinalado no artigo 38.8 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP); coas consecuencias que para persoal laboral se sinala no artigo 83 do Real Decreto

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	14/53




Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (ET).

Unha vez ratificado polo Pleno da Corporación Provincial de Lugo, substituirá integramente ao convenio colectivo e aos pactos e laudos que configuraban as condicións de traballo que lle viñan sendo de aplicación con anterioridade aos contratos de traballo do dito persoal laboral, dentro da fundación TIC (Convenio Colectivo da Industria de Produción Audiovisual- Código 9912985, para o persoal da sección de produción; Convenio Colectivo de Ensino Privado, para o persoal da Escola de Audiovisuais; Acordo de empresa, de 10 de maio de 2011, publicado no BOP nº 119, do venres, 27 de maio do 2011; e laudo arbitral, de 24 de maio de 2011, publicado no BOP nº 135, do mércores, 15 de xuño de 2011), someténdose integramente os contratos de traballo deste persoal ao Convenio Colectivo Único do persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo e aos acordos de desenvolvemento deste en diversas materias (xornada de traballo, itinerarios de carreira horizontal, etc.).

As alegacións formuladas, dentro do período de información pública, carecen de forza e incidencia sobre a forza vinculante do acordo colectivo de integración, conforme á doutrina derivada do artigo 37 da Constitución, que irradia a súa eficacia sobre os contratos de traballo do ámbito persoal e funcional deste tipo de acordos colectivos, polo que deben ser desestimadas.

Asemade, para constatar a vontade do persoal afectado por este acordo de integrarse plenamente na aplicación do Convenio Colectivo, logo de celebradas novas reunións da Mesa Xeral de Negociación, nos días 26 de marzo e 4 de maio do 2021, ratificada por maioría do banco sindical a proposta de integración, homologación de condicións e plena aplicación ao persoal do Servizo d Audiovisuais do Convenio Colectivo Único do persoal laboral da Deputación de Lugo (CCU) foi distribuído un modelo de declaración de adhesión individual ao Acordo, establecendo a voluntariedade da adhesión á proposta aprobada inicialmente, de tal xeito que aquelas persoas traballadoras que a asinaran lles sería aplicado o acordo de xeito inmediato e que aquelas que non o asinaran manterían, a título individual, as condicións preexistentes á proposta de homologación e plena integración no CCU; resultando que o dito documento foi asinado por 33 dos 36 empregados afectados.

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	15/53



Á vista de canto antecede, proponse ó Pleno da Deputación Provincial, a aprobación da Proposta para a homologación dos postos de traballo do Servizo de audiovisuais e plena aplicación ó persoal subrogado do Convenio Colectivo Único de persoal laboral da Deputación e, en consecuencia:

1º.- Desestimar a totalidade das alegacións presentadas dentro do período de información pública.

2º.- Ratificar definitivamente a proposta aprobada inicialmente na sesión do Pleno, de 29 de decembro do 2020.

3º.- Aplicar, con efectos do 1 de xaneiro do 2021, a homologación retributiva e de condicións e a plena integración no CCU, coas consecuencias derivadas desta aos 33 empregados que se adheriron de xeito individual ao Acordo; mantendo as mesmas condicións contractuais anteriores aos 3 empregados que non se adheriron expresamente, sen menoscabo de que poidan ser integrados plenamente con efectividade posterior á data na que expresamente manifesten a súa decisión de adherirse, a cuxos efectos as prazas/postos de traballo homologados figuraran como vacantes dotados”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao e D. José Angel Santos Sánchez, membros do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Ao anterior ditame preséntase unha emenda asinada pola Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, en relación cunha solicitude de adhesión dun empregado adscrito ao Servizo de Audiovisuais, que textualmente di o seguinte:

“A Comisión informativa de asuntos de Pleno, en reunión de 20 de maio de 2021, ditaminou favorablemente a *“Proposta de resolución definitiva da “homologación dos postos de traballo do Servizo de Audiovisuais e plena aplicación ó persoal subrogado do Convenio Colectivo Único de persoal laboral da Deputación”*”.

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	16/53



O mencionado ditame, recolle no seu apartado 3º o seguinte:

“Aplicar, con efectos do 1 de xaneiro do 2021, a homologación retributiva e de condicións e a plena integración o CCU, coas consecuencias derivadas desta aos 33 empregados que se adheriron de xeito individual ao Acordo; mantendo as mesmas condicións contractuais anteriores aos 3 empregados que non se adheriron expresamente, sen menoscabo de que poidan ser integrados plenamente con efectividade posterior á data na que expresamente manifesten a súa decisión de adherirse, a cuxos efectos as prazas/postos de traballo homologados figuraran como vacantes dotados”.

Con data 20 de maio de 2021, o empregado do Servizo de Audiovisuais D. HBS presentou solicitude individual de adhesión ao Acordo de Homologación de condicións de traballo e plena aplicación do Convenio Colectivo Único do persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O artigo 112 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP de 3.09.2020), establece:


“Os Grupos Provinciais ou os deputados teñen dereito a presentar emendas de adición, supresión ou modificación aos ditames ou propostas de acordo, sempre que o fagan por escrito cun día de antelación ao da celebración da sesión correspondente (...)”

EMENDA DE MODIFICACIÓN

Á vista da solicitude de adhesión de D. HBS, propónse a modificación o apartado 3º do ditame, engadíndose un empregado máis aos adheridos e reducindo un empregado os que non se adheriron, quedando o apartado 3º do Ditame co seguinte contido:

“Aplicar, con efectos do 1 de xaneiro do 2021, a homologación retributiva e de condicións e a plena integración o CCU, coas consecuencias derivadas desta aos 34 empregados que se adheriron de xeito individual ao Acordo; mantendo as mesmas condicións contractuais anteriores aos 2 empregados que non se adheriron expresamente, sen menoscabo de que poidan ser integrados plenamente con efectividade posterior á data na que expresamente manifesten a súa decisión de adherirse, a cuxos efectos as prazas/postos de traballo homologados figuraran como vacantes dotados”.

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	17/53



En primeiro lugar procédese á votación da emenda presentada ao ditame da Comisión, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a emenda presentada.

A continuación efectúase a votación do ditame da Comisión Informativa, coa incorporación da emenda de modificación aprobada, e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada coa inclusión da emenda aprobada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202105251023000000_FH.mov&topic=2

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO DESLINDE DO MONTE “TOR” DE TITULARIDADE PROVINCIAL.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta que textualmente di o seguinte:

“De conformidade co acordo adoptado polo Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de decembro de dous mil vinte, polo que se aproba o inicio do expediente do deslinde do monte “Tor”.

Dende a Excm. Deputación Provincial de Lugo, con data 15 de xullo do 2019, procédese ao inicio das actuacións necesarias para esclarecer a propiedade de titularidade provincial.

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	18/53



O procedemento administrativo de deslinde aparece contemplado e regulado no Código Civil, no Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, na Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes (B.O.E. nº 280, 22 de novembro de 2003) e na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia (D.O.G. nº 140, do 23 de xuño do 2012). O procedemento a seguir será o descrito nos artigos 58 e seguintes do RD 1372/1986, por non ser monte público catalogado que está regulado polas súas disposicións especiais contempladas na Lei 7/2012, de Montes de Galicia.

O deslinde do monte chamado “TOR”, situado na parroquia de San Xoán de Tor, tivo por obxeto delimitar as parcelas e declarar a posesión de feito sobre as mesmas, así como o posterior traslado da correcta identificación, tanto descritiva como gráfica, á Xerencia da Dirección Xeral do Catastro.

As parcelas que foron afectadas polo deslinde están situadas na parroquia de San Xoán de Tor, no concello de Monforte de Lemos, coas seguintes Referencias Catastrais:

Parcela 27031A051000510000YD

Parcela 27031A051000540000YJ

Parcela 27031A051000600000YZ

Con data catorce de xaneiro de dous mil vinte e un, notificase aos colindantes o acordo do pleno da Deputación Provincial de Lugo, de data vinte e nove de decembro de dous mil vinte, relativo ao inicio do expediente de deslinde do monte “Tor”.

Con data dezoito de xaneiro de dous mil vinte e un, publícase no Boletín oficial da Provincia de Lugo (BOP nº 13), o anuncio relativo ao inicio do deslinde do monte Tor, que da comezo ao período de alegacións para os interesados, nas que poden acompañar cantos documentos estimen oportunos na proba e defensa dos seus dereitos, ata os vinte días anteriores ao comezo do apeo. Neste prazo non foi rexistrada ningunha alegación.

Con data dezanove de abril de dous mil vinte e un, na parroquia de San Xoán de Tor, tiveron lugar os traballos de apeo, que consisten en fixar con precisión os lindeiros da finca e na

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	19/53



extensión e sinatura da correspondente acta de deslinde das parcelas sinaladas, que se realizou no sueste da parcela con referencia catastral 27031051000510000YD situada no paraxe de San Xoán de Tor concello de Monforte de Lemos, que firman a Secretaria Xeral da Deputación Provincial de Lugo e demais comparecentes.

Unha vez a aprobación do deslinde sexa firme, realizarase o amolloamento definitivo coa intervención dos interesados segundo o disposto no artigo 67 do RD 1372/1986.

Como consecuencia da aprobación do presente acordo rectificárase o inventario de bens da Deputación de Lugo para que quede recollido o deslinde efectuado no monte de Tor, nos termos nos que foi efectuado.

Trasladarase así mesmo o presente acordo á Dirección Xeral do catastro e ao Rexistro da Propiedade correspondentes co obxecto de adecuar nos citados organismos a descrición, superficie, e lindeiros da finca ao deslinde practicado.

Á vista de todo o anteriormente exposto, propónse ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo que adopte o seguinte acordo:

Aprobación definitiva do expediente de deslinde do monte denominado “TOR”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao e D. José Angel Santos Sánchez, membros do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

A continuación efectúase a votación da proposta presenta, e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor 23 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista, do Grupo Provincial do BNG, e dez Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); abstencións, 2 (correspondentes ós señores Deputados D. Jesús Manuel Núñez Díaz e D. Francisco Javier Balado Teijeiro, membros do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	20/53



Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202105251023000000_FH.mov&topic=3

4.- PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE A FAVOR DO CONCELLO DE SARRIA, DA VÍA PROVINCIAL LU-P-5602 2SAMOS (LU-633)-PINTÍN-SARRIA (LU-633)”.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:


“Logo de ver a proposta que textualmente di o seguinte:

“O Concello de Sarria mediante escrito presentado no rexistro provincial o 7 de maio de 2020 da traslado a esta Deputación Provincial do acordo da Xunta de Goberno Local celebrada o 26 de febreiro de 2020, de solicitude de cambio de titularidade do tramo da estrada LU-P- 5602 ó seu paso polo núcleo de Aguiada sito no termo municipal de Sarria.

O dito acordo, expresa o interese por dita transferencia de titularidade atendendo á execución do proxecto básico e de execución de pavimentación do Camiño de Santiago ao seu paso por Sarria (Núcleos de Aguiada e Perros). Esta execución realizarase polo Concello ao abeiro da *Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria*. Para tales efectos xunta e subliña na cartografía catastral o percorrido solicitado.

Baixo o CSV IV7HFWPC3L7PVCEI6UEQ6PQEOI o Servizo Provincial de Vías e Obras informa o 20 de abril de 2021 da documentación aportada polo Concello identifícase que a súa solicitude recae sobre o tramo vello da estrada provincial LU-P-5602 “SAMOS (LU-633) - PINTIN - SARRIA (LU-633)” que se desenvolve completamente no seu termo municipal. De acordo co Catálogo da Rede Viaria Provincial o tramo conta cunha lonxitude de 467,00 m, entroncando nos pq 13+608 e 14+142 do itinerario principal, na marxe dereita, e presenta un firme

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	21/53



de tratamentos superficiais, con anchura variable entre 4,00 e 5,00 m, non contando con beirarrúas e sí de cunetas. O estado xeral da estrada é bo.

Tendo en conta que a lexislación sectorial está presidida pola Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, e o Regulamento xeral de estradas de Galicia aprobado por Decreto 66/2016 de 26 de maio.

Tendo en conta que o cambio de titularidade realizarase conforme o teor do artigo 9.4 da citada Lei: *“Los cambios de titularidad de carreteras o de tramos de éstas, cuando no se trate de travesías urbanas o tramos de éstas que estén incluidos en el inventario de travesías de su administración titular, deberán ser aprobados por decreto de la Xunta de Galicia, a propuesta de la consejería competente en materia de carreteras y previo acuerdo entre las administraciones afectadas”*. Así mesmo o seu número 7 dispón: *“Los cambios de titularidad podrán comprender carreteras, tramos de éstas, elementos funcionales y/o espacios de la zona de dominio público adyacente”*.

Así mesmo, e en relación ao procedemento para o cambio de titularidade das estradas o Decreto 66/2016 de 26 de maio do Regulamento xeral de estradas de Galicia esixe no seu artigo 18.11: *“Los cambios de titularidad de tramos de carreteras a favor de administraciones de menor ámbito territorial sólo se llevarán a cabo cuando se trate de tramos terminales o cuando no impliquen la interrupción de ninguno de los itinerarios de los que forme parte sin que exista una alternativa viaria, existente o planificada, para todos ellos que proporcione un nivel de servicio al menos equivalente, a través de la red de carreteras de la Administración cedente o de las redes de carreteras de titularidad de administraciones de mayor ámbito territorial”*.

Consta no expediente o informe favorable do Servizo de Vías e Obras concordado pola Presidencia desta Deputación Provincial de data 20 de abril de 2021 que, acompañado da súa planimetría, literalmente di: A continuidade do itinerario está garantida polo itinerario principal da LU-P-5602 e considera que o tramo vello da estrada LU-P-5602, comprendida entre as coordenadas UTM29 ETRS89 X=634.233 Y=4.736.991 (pq 13+608 itinerario principal) e X=633.776 Y=4.736.927 (pq 14+142 itinerario principal), que discorre integramente polo termo

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	22/53



municipal de Sarria é susceptible de cesión de titularidade. Polo que informa favorablemente ao cambio de titularidade ao Concello de Sarria do tramo vello da estrada provincial LU-P-5602 “SAMOS (LU-633) - PINTIN - SARRIA (LU-633)”, de lonxitude total 467,00 m.

Baixo o CSV *IV7EUZPH3ZLLW4LYH5AOJBOMY* consta no expediente informe favorable da Secretaría Xeral Adxunta de 12 de maio de 2021 á solicitude de cambio de titularidade da estrada provincial mencionada a favor do Concello de Sarria. Conta coa conformidade da Secretaría Xeral e da Intervención segundo o contido dos artigos 54 do RDL 781/86 de 18 de abril e 173 do RD 2568/86 de 28 de novembro, en relación co artigo 47.2.ñ) da Lei 7/85 de 2 de abril, ademais do establecido nos artigos 3 e 4 do RD 128/2018 de 16 de marzo polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación Nacional.


Por imperativo legal, contido no nº 4 do artigo 9 da referida Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, o pretendido cambio de titularidade aprobarase por Decreto da Xunta de Galicia previo acordo das administracións afectadas, a cuxos efectos darase conta do acordo plenario provincial ao Concello interesado para a súa aceptación, se procedese. Os citados acordos remitiranse á Consellería competente en materia de estradas para a súa proposta de aprobación. A resolución ou decreto polo que se aprobe o cambio de titularidade das estradas deberán ser publicados no DOGA e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación (nº 6 do citado artigo 9).

Unha vez aprobado o cambio de titularidade formalizarase mediante acta de entrega subscrita entre as administracións interesadas segundo a esixencia expresada no artigo 18 números 6.7.e e 8 do Decreto 66/2016 do Regulamento xeral de estradas de Galicia.

De conformidade ao exposto e en aplicación do nº 23 do artigo 57 do noso Regulamento Orgánico proponse ao pleno:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Sarria do tramo solicitado da estrada provincial LU-P-5602 “SAMOS (LU-633) - PINTIN - SARRIA (LU-633)”, de lonxitude total 467,00 m pertencente ao tramo vello da estrada LU-P-5602, comprendida entre

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	23/53



as coordenadas UTM29 ETRS89 X=634.233 Y=4.736.991 (pq 13+608 itinerario principal) e X=633.776 Y=4.736.927 (pq 14+142 itinerario principal),

Segundo.- Remitir este acordo ao Concello de Sarria para a súa aceptación polo Pleno Municipal.

Terceiro.- Someter a aprobación á Xunta de Galicia o cambio de titularidade do referido tramo da estrada provincial”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos señores Deputados D. Francisco Javier Balado Teijeiro, D. José Pardo Lombao e D. José Angel Santos Sánchez, membros do Grupo Provincial do Partido Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202105251023000000_FH.mov&topic=4


COMISIÓN DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS

5.- MODIFICACIÓN DO ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN 2021, VÍA SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

Logo de ver o ditame da Comisión de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

“A proposta da Presidencia di o seguinte:

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	24/53



“Visto o informe de Intervención sobre modificación de crédito e demais documentación, é preciso dotar os correspondentes créditos mediante unha modificación de crédito consistente nun suplemento de crédito, considerando a necesidade e urxencia de executar as actuacións reflectidas nel, segundo consta na Memoria, proponse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito polo importe de 468.972,04 €, co seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

Aplicacións orzamentarias		Importe
1510.681	Urbanismo, Gtos. en investimentos de bens patrimoniais, terreos e bens naturais	358.324,07 €
1531.76201	Acceso ós núcleos de poboación, Transferencias de Capital a Concellos, Plan Único	36.293,47 €
1640.65009	Cemiterios e servizos funerarios, Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos	74.354,50 €
TOTAL		468.972,04 €

Financiamento:

Denominación	Importes
<u>Concepto Ingresos:</u> 870.00	
Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais	468.972,04 €
TOTAL	468.972,04 €

2.- Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Toma a palabra a Sra. Interventora e explica brevemente a modificación do suplemento de crédito que ten o obxectivo de dotar compromisos de gasto de anos anteriores non susceptibles de nova incorporación de remanentes conforme ás normas orzamentarias, en concreto unha obra do PU2019 de Foz e unha obra en Viveiro que non se incluíron no suplemento de marzo, e un fallo

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	25/53



xudicial adquirido como consecuencia da sucesión de SUPLUSA por un procedemento expropiatorio no polígono de Begonte.

Pregunta o representante do Grupo Popular D. José Jesús Novo Martínez pola obra do PU2019 de Foz. A Sra. Interventora explícalle que os investimentos foron realizados e a conta xustificativa, é correcta, polo que procede o pago, pero non é posible incorporar o seu financiamento conforme ás normas orzamentarias de xeral aplicación.

Non habendo máis preguntas, sometese a votación a proposta da Presidencia, e a Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por maioría, coa abstención dos Sr. Deputados D^a. Dolores Castro Ochoa, D. José Jesús Novo Martínez e D. Pablo José Taboada Camoira, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ao Pleno a súa aprobación”.

A continuación efectúase a votación da proposta presentada, e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

Intervencións:


http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202105251023000000_FH.mov&topic=5

--ooOoo--

6.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA QUE ASUMA A FINANCIACIÓN DOS CENTROS DE ATENCIÓN A MAIORES DA DEPUTACIÓN DE LUGO E QUE OS INCLÚA NA SÚA REDE PÚBLICA DE RESIDENCIA.

Logo de ver a proposta de goberno sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	26/53



“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, e o Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte proposta de Goberno para reclamar á Xunta de Galicia que asuma a financiación dos centros de atención a maiores da Deputación de Lugo e que os inclúa na súa rede pública de residencias.

A pegada da pandemia do covid nas residencias galegas amosou o fracaso do modelo de xestión privada impulsado pola Xunta. Un modelo baseado na rendibilidade económica e non na calidade da atención. Un modelo no que non se contemplaba dun xeito integral a xestión sociosanitaria dos maiores.

O fracaso ven sendo recoñecido dun xeito explícito polo propio goberno da Xunta. Tras das eleccións de xullo foron cesados o director xeral de Maiores e a directora xeral de Familia e se anunciou a intención de deseñar un novo modelo de residencia.

A política de aposta pola xestión privada da dependencia impulsado durante máis dunha década polos sucesivos gobernos do Partido Popular ten convertido a Galicia na Comunidade Autónoma con menor porcentaxe de prazas públicas en residencias de maiores, tan só o 41%, cando a media española é do 62% segundo as cifras oficiais do IMSERSO.

Ademais, segundo a “Asociación Estatal de Directivos y Gerentes de Servicios Sociales” Galicia conta cun déficit de 14.902 prazas residenciais. A pesares diso, na presentación dos orzamentos para o ano 2021 – 894 millóns de euros – a conselleira de Servizos Sociais non anunciou a creación de novas prazas de residencias. Pola prensa foise dando a coñecer que a construción de novos centros só sería posible se se conta con financiamento europea ou pola participación do capital privado.

A Deputación de Lugo leva anos suplindo a inacción da Xunta de Galicia e facendo un esforzo para achegar servizos sociais públicos, universais e de calidade ós veciños e veciñas, sobre todo no mundo rural. Cumpre lembrar que esta institución adica a Servizos Sociais que debería atender o goberno autonómico aproximadamente un terzo do seu orzamento, máis de 30 millóns de

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	27/53



euros. No que fai a atención a maiores, ás residencias de Trabada, Ribadeo e Pol, sumáronse ó longo do ano 2019 as de Castroverde e A Fonsagrada. E están a piques de entrar en funcionamento as de Pedrafita, Meira e Navia de Suarna.

Estamos falando de centros de pequeno tamaño, entre 25/40 prazas de media, cunha ratio de case un coidador por persoa. Centros que teñen xerado máis de 300 empregos directos e indirectos no entorno, e que converten o coidado ós maiores nun factor de fixación de poboación e de desenvolvemento para o rural.

Pero, como ben ten sinalado a FEGAMP, a administración local non pode asumir eternamente, sen financiamento adicional, as competencias que o noso Estatuto de Autonomía atribúe ó goberno autonómico. A Deputación de Lugo ten amosado que outro modelo é posible, viable e da resultados, pero lle compete á Xunta facerse cargo do seu desenvolvemento.

Por iso sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Proposta de Goberno para que a Deputación Provincial de Lugo inste á Xunta de Galicia a:

- Abrir un proceso de negociación entre ambas partes, a Deputación de Lugo e a Xunta de Galicia, para que a asuma tanto a financiación dos Centros de Atención de Maiores da Deputación de Lugo como a súa inclusión na Rede Pública de Residencias Autonómica, en aras do cumprimento do establecido no artigo 64 bis da Lei 13/2008 de Servizos Sociais.
- Modificar o actual modelo macroresidencial para fortalecer e consolidar unha rede galega de residencias públicas, de pequeno tamaño, que garanta a permanencia dos maiores no seu entorno, mellore a súa atención sociosanitaria, xere emprego de calidade e contribúa a fixar poboación no rural”.

A continuación efectúase a votación da proposta presentada, e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	28/53



(correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202105251023000000_FH.mov&topic=6

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, PARA QUE A XUNTA DE GALICIA CUMpra CO PACTO E O FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL.


Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para que a Xunta de Galicia cumpra co pacto e o fondo de cooperación local

Dende a súa chegada ó goberno da Xunta, hai 12 anos, as políticas desenvoltas polo Partido Popular tense caracterizado polo desprezo das administracións locais. Nestes anos, o goberno autonómico ven incumprindo dun xeito sistemático os acordos incluídos no Pacto Local, desatendendo as peticións da FEGAMP, ignorando as necesidades das facendas locais, e sobrecargando ós concellos con competencias impropias. Dáse o paradoxo de que os cidadáns reclaman ós concellos servizos públicos que son competencia da Xunta.

A Xunta, que lle nega fondos ós concellos ca escusa de que polo seu pequeno tamaño non poden xestionalos, non dubida en deixar nas súas mans tarefas de tanto calado como a loita contra a pandemia. Sen traspasar ós concellos nin un euro dos máis de 1.100 millóns de fondos Covid transferidos pola UE e polo goberno do Estado. Dun xeito conveniente, para a Xunta os concellos son administración de segunda cando reclaman que se actualice a súa financiación, pero pasan a ser responsables cando se trata de dar resposta inmediata ós cidadáns.

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	29/53



Lonxe de apostar polas administracións locais, a Xunta de Galicia, nos seus orzamentos do 2021 reduciu nun 6,4% as transferencias directas ós concellos. Nun ano no que as facendas locais fixeran fronte non só ós gastos derivados da Covid, senón a un incremento de 17.000 novas solicitudes de axudas que incrementaron o gasto dos servizos sociais municipais nuns 6 millóns de euros mensuais, segundo constatou a FEGAMP.

E non é so que se reduzan as transferencias, e que esta se reparten con criterios partidistas, optando de xeito preferente polo réxime de concorrencia non competitiva. Estes procesos están dando unha imaxe bochornosa, co anuncio no DOG de hoxe de axudas que se repartirán a partires das 00:00 horas do día seguinte, nunha sorte de feira informática que leva a que se repartan en poucos minutos, con nocturnidade electrónica, axudas millonarias que deberían planificarse doutro xeito.

Por todo iso, e como firmes defensores da necesidade de abordar unha actualización das facendas locais que permita ós concellos asumir o custo real da oferta de servizos públicos que demandan os galegos e as galegas, o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia:

- Que respecte o Pacto Local así como todos os acordos firmados ca FEGAMP e as entidades locais.
- Que comece a elaborar unha Lei autonómica de participación das entidades locais nos ingresos da Comunidade Autónoma.
- Que mentres a devandita Lei non se aproba, incremente a contía do Fondo de Cooperación Local, fondo que non medrou nos 12 anos de goberno de Feijóo.
- Que suprima o actual sistema de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva que favorece ós concellos de cor política afín ó goberno da Xunta e adopte un sistema de reparto de fondos con criterios obxectivos de poboación, dispersión ou extensión dos concellos, semellantes ós do Plan Único posto en marcha pola Deputación de Lugo”.

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	30/53



Efectuada a votación da moción presentada, e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202105251023000000_FH.mov&topic=7

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, SOBRE A PROPOSTA DO GOBERNO DO ESTADO DE ESTABLECER PEAXES PARA AS AUTOVÍAS GALEGAS.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción sobre a proposta do Goberno do Estado de establecer peaxes para as autovías galegas.

Exposición de Motivos:

O Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana vén de reabrir o debate sobre o repagamento mediante peaxe das autovías de titularidade estatal, reiterando unha proposta que xa fora anunciada en 2018 e 2019. Este debate abriuse despois de que a patronal das construtoras, ASEPAN, demandase este tipo de medidas para garantir contratos de concesión. Mais a medida ten tamén outras causas relacionadas co desequilibrio económico nas contas do Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana a raíz de dúas decisións:

-O rescate das ruinosas autoestradas radiais madrileñas e doutras autoestradas, cun custe

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	31/53



para as arcas públicas de máis de 3.000 millóns de euros.

-A supresión das peaxes en autoestradas do Estado español nas que caduca a concesión entre 2019 e 2021, o que vai supor un custe duns 450 millóns de euros anuais. Ademais, o Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana tamén aprobou o ano pasado bonificacións para o transporte en determinadas autoestradas, co conseguinte incremento do gasto orzamentario e da dispoñibilidade de recursos.

Como resposta a aquel primeiro anuncio de novembro de 2018, o Pleno do Parlamento aprobou un acordo en decembro de 2019, a instancias do BNG, no que manifestaba unha rotunda oposición ao establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal.

Ademais do carácter regresivo e do impacto negativo que tería para as persoas usuarias das autovías, para a seguridade viaria e para a competitividade das nosas empresas, a citada medida hai que analizala no contexto da situación da rede viaria estatal en Galiza e concretamente da situación das autoestradas de titularidade estatal, a AP 9 e a AP53.


No caso de Lugo hai que por de manifesto o enorme peso que ten a rede de estradas estatais en quilómetros e en tránsito de vehículos. Sendo a súa extensión claramente superior á do resto de provincias galegas e á da maioría do Estado e sendo as principais arterias económicas da provincia a día de hoxe.

Esta medida é especialmente inxusta coa provincia de Lugo, que non conta cunhas comunicacións dignas co resto do país nin por estrada nin por ferrocarril. Afirmar que coa imposición de peaxes se trata de impulsar o uso do transporte público é unha burla para as veciñas e veciños das comarcas de Lugo; xa que a día de hoxe o que temos é unha serie de infraestruturas, moitas delas sen rematar, para as cales non existe alternativa no transporte público.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Amosar a rotunda oposición da Deputación de Lugo á intención do goberno central de

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	32/53



establecer peaxes nas autovías de titularidade estatal, por considerala unha medida regresiva que establece barreiras económicas no acceso á servizos básicos como son as infraestruturas viarias para unha parte significativa da poboación galega; porque incrementa a inseguridade viaria e porque supón un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galiza.

2º.- Dar traslado do acordo deste primeiro punto ao Goberno español, nomeadamente ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, así como, aos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados”.

Ante esta moción preséntase unha emenda de substitución por parte do Grupo Provincial do Partido Popular, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial do Partido Popular propón substituir o texto da proposta de acordos polo que segue:


O Pleno da Deputación provincial de Lugo acorda:

1.- Manifestar a súa oposición e, por isto, solicitar a retirada da proposta do Goberno central para o establecemento de peaxes baseados no custo por quilómetro nas autovías de titularidade estatal, que supoñan unha discriminación coa Comunidade Autónoma de Galicia pola súa posición xeográfica e pola situación que se está a padecer coas peaxes das autoestradas de titularidade estatal; e por considerala unha medida regresiva que establece barreiras económicas no acceso a servizos básicos como son as infraestruturas viarias, incrementa a inseguridade viaria e constitúe un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galicia.

2.- Expresar o seu apoio a que rebaixa das bonificacións ás peaxes da AP-9 comprometidas nos Orzamentos do Estado para 2021 sexan aplicados como moi tarde no mes de xuño de 2021.

3.- Reiterar, pola importancia que a AP-9 representa para a mobilidade interna en Galicia, a urxencia no traspaso desta infraestrutura, acelerando tanto a tramitación da Proposición de Lei Orgánica de transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Xunta de Galicia, remitida polo

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	33/53



Parlamento de Galicia ao congreso, coa finalidade de proceder ao traspaso efectivo antes de que remate o ano 2021”.

Así mesmo por parte do Grupo Provincial Socialista preséntase a seguinte emenda de modificación:

“Emenda de modificación á moción do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego “sobre a proposta do Goberno do Estado de establecer peaxes para as autovías galegas”, que quedará redactado co seguinte contido:

A Deputación Provincial de Lugo insta ao Goberno de España a:


1º.- Amosar a rotunda oposición da Deputación de Lugo ao establecemento de peaxes nas autovías de titularidade estatal, sen consenso político e apoio de todos os sectores afectados, por considerala unha medida regresiva que establece barreiras económicas no acceso á servizos básicos como son as infraestruturas viarias para unha parte significativa da poboación galega; porque incrementa a inseguridade viaria e porque supón un atranco para o desenvolvemento económico e a cohesión social de Galiza.

2º.- Dar traslado do acordo deste primeiro punto ao Goberno español, nomeadamente ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana, así como, aos grupos políticos con representación no Congreso dos Deputados”.

Por parte do voceiro do Grupo Provincial do BNG, propoñentes da moción, maniféstase que rexeita a emenda presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular, e acepta a emenda de modificación presentada polo Grupo Provincial Socialista.

A continuación procédese á votación da moción presentada, coa inclusión da emenda de modificación presentada polo Grupo Provincial Socialista e aceptada polo Grupo Provincial do BNG, e verificada a mesma, o Pleno da Corporación por unanimidade acorda prestar aprobación á moción presentada.

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	34/53



Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202105251023000000_FH.mov&topic=8

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, SOBRE A DIXITALIZACIÓN DO RURAL.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción sobre a dixitalización do rural.

Exposición de Motivos:


Dende Europa estase apoiando decididamente a dixitalización dos territorios como ferramenta indispensable para a posibilitar o afianzamento das relacións persoais, profesionais e económicas.

Por outra banda, Galiza precisa desta dixitalización máis que o comer, pola dispersión xeográfica, pola orografía, polas distancias aos grandes grupos de poboación... porque para fixar poboación no rural (o interior da Galiza) e que poidan establecer negocios, ou distribuír a súa produción, máis que canles de comunicación físicas xa se precisan canles dixitais....

Todo isto agravouse coa COVID, porque a **fenda tecnolóxica** fai que non todas as crianzas teñan o mesmo dereito á educación, por poñer só un exemplo.

Dende Europa fálase da “Digital Transformation” á que está destinada unha cantidade de millóns de euros máis que interesante (9.200 millóns de € para transformar a sociedade e a economía en Europa cara á dixitalización e 3.000 millóns de € para financiar a infraestrutura da conectividade dixital).

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	35/53



Está claro que Galiza non pode quedar fóra disto, e non se trata de encargarlle a dixitalización a telefónica para a implantación do 5G en núcleos de 300hab.... fálase dunha cobertura en 4G ou 5G coma se os múltiples núcleos da Galiza foran de 300 ou máis habitantes.

Na maioría dos núcleos rurais a conexión a internet segue a ser por satélite, en 3G e servido nun pack na que a única que pode ter servizo e prezos competitivos é a monopolista Movistar.

Oferta bastantes boas capacidades e velocidades pero aféctase por todo, se chove moito cae a conexión, se hai néboa tamén, se hai tronada tamén.... cae tamén o Whatsapp e o único que se pode facer é saír do pobo para soltar o 3G e engancharte ao 4G.

Cabe indicar tamén que o paquete ao que a poboación non pode deixar de subscribirse custa 76 € ao mes... por se serve de algo mencionalo, porque a conectividade sen prezo non é tampouco o recomendable.


É imprescindible que o goberno da Xunta de Galiza aproveite o pulo que Europa lle quere dar á dixitalización no ámbito da UE, para que na Galiza deixe de existir a fenda dixital e polo tanto as diferenzas de trato por razón da rexión xeográfica onde se viva e tamén polo lugar que se ocupe dentro dela.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar á Xunta de Galiza a establecer os mecanismos necesarios para que na Galiza rural exista unha cobertura de TDT, de conexión móbil e de conexión a internet con banda ancha que non estableza diferenzas entre as persoas, empresas ou particulares polo lugar onde vivan, máxime cando haberá fondos europeos no 2023-2027 que permitirán este pulo sempre e cando o goberno da Xunta de Galiza estea ao quite para non deixar a Galiza atrás.

2.- Instar ao Goberno Galego da Xunta a negociar co Ministerio de Agricultura en Madrid

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	36/53



para que no segundo pilar da nova PAC 2023-2027 se recoñeza un oco orzamentario para dotar á Galiza rural do acceso á internet en igualdade de condicións que nas urbes do noso país”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do Partido Popular preséntase unha emenda de substitución, do seguinte teor:

“O Grupo Provincial do Partido Popular propón substituír a proposta de acordos formulada de xeito que quede da seguinte forma:

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta á Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno do Estado co fin de que este estableza os mecanismos legais e económicos necesarios para que na Galicia rural exista unha cobertura TDT, de conexión móbil e de conexión a internet con banda larga que non estableza diferenzas entre as persoas, empresas ou particulares polo lugar onde vivan, máxime cando haberá fondos europeos no 2021-2027 que permitan este impulso.

Así mesmo, o Pleno insta á Xunta a impulsar os mecanismos para, en colaboración co Goberno do Estado, non deixar Galicia atrás na repartición dos fondos europeos e na súa aplicación no rural”.


O voceiro do Grupo Provincial do BNG, D. Efrén Castro Caloto, manifesta que non aceptan a emenda presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular.

Polo tanto procédese á votación da moción presentada, e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202105251023000000_FH.mov&topic=9

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	37/53



10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, PARA INSTAR AO GOBERNO DA DEPUTACIÓN A DESEÑAR E EXECUTAR UN PLAN PARA A CREACIÓN DE SOLO INDUSTRIAL NA PROVINCIA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:


“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao goberno da Deputación a deseñar e executar un plan para a creación de solo industrial na provincia.

Exposición de Motivos:

É un feito comprobado que a provincia precisa solo industrial. A Deputación ten que xogar, como xogou no pasado, mediante a sociedade Suplusa, un papel decisivo na creación de novos parques empresariais na provincia de Lugo. Para cubrir esta necesidade, a desaparecida sociedade provincial Suplusa estableceu convenios con distintos concellos. A Deputación non acepta agora cumprir os compromisos firmados por Suplusa, a pesar de que varios concellos, antes da disolución desta sociedade, solicitaron por escrito que se mantivese os acordos para desenvolver solo industrial nos seus respectivos municipios.

No escenario de crise económica no que nos atopamos como consecuencia da pandemia, é aínda máis necesario crear condicións adecuadas para o desenvolvemento industrial da provincia. É necesario, polo tanto, que a Deputación deseñe e execute un plan de creación de solo industrial, no que se recollan tamén os compromisos adquiridos por Suplusa con concellos da provincia. Está demostrado que, Nos polígonos que ofrecen prezos competitivos, as parcelas teñen boa saída; deste xeito, deberase asegurar no desenvolvemento deste plan que os prezos finais sexan realmente competitivos.

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	38/53



No proceso de tramitación, os concellos poden atopar dificultades para solucionar os trámites burocráticos necesarios. A execución do plan provincial de solo industrial debe contemplar a colaboración da Deputación cos concellos que o soliciten para cubrir a tramitación que lles corresponda desenvolver.

Polo exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular, presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación de Lugo insta ao goberno provincial a:

- Diseñar e executar un plan para a creación de solo industrial na provincia.
- Facilitar a tramitación administrativa necesaria con medios da Deputación aos concellos, naqueles casos que así o requiran.
- Garantir prezos de venda competitivos das parcelas.
- Incorporar ao plan de creación de solo industrial de novo deseño os compromisos adquiridos por SUPLUSA relativos á construción e xestión dos parques industriais, cun prezo competitivo de modo que se garanta aos respectivos concellos a súa continuidade.
- Rebaixar o custe do solo industrial ofertado nos actuais parques empresariais de titularidade provincial”.

Efectuada a votación da moción presentada, e verificada a mesma dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202105251023000000_FH.mov&topic=10

Neste momento auséntase da sesión o señor Deputado D. Xosé María Arias Fernández.

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	39/53



11.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A ANULAR AS SUBAS DE IMPOSTOS QUE ENTRARON EN VIGOR EN 2021 E A NON PONER EN MARCHA OS AUMENTOS E NOVOS TRIBUTOS INCLUÍDOS NO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA ENVIADO A BRUXELAS.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao Goberno de España a anular as subas de impostos que entraron en vigor en 2021 e a non poñer en marcha os aumentos e novos tributos incluídos no plan de recuperación, transformación e resiliencia enviado a Bruxelas.

Exposición de Motivos:

En 2020, o PIB español afundiuse un 11%. Trátase da maior caída dende que se teñen datos, dende o fin da Guerra Civil, e a maior dos países da OCDE.

A débeda pública española alcanzou os 1,37 billóns de euros, a cifra máis alta dende a guerra de Cuba. En só un ano, a débeda de España incrementouse en 122.439 millóns de euros e escalou ata supoñer o 122% do PIB.

Para entendela mellor, o incremento da débeda do ano 2020 “comeríase” por si só o 88% dos fondos de recuperación que o noso país recibirá da Unión Europea nos próximos anos ata 2026 (140.000 millóns de euros).

En 2020, España destruíu 622.000 empregos e a taxa de paro ascendeu ao 16,13%. Segundo os datos de Eurostat, case o 40% do aumento do paro na eurozona concentrouse en España, situando o noso país á cabeza do desemprego en Europa.

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	40/53



En 2021, o panorama non é máis alentador xa que, no primeiro trimestre do ano, España destruíu 137.000 empregos.

Na actualidade, máis de 6 millóns de españois queren traballar pero non poden, 2 millóns engrosan as ‘colas del hambre’ e 1,2 millóns de fogares teñen a todos os seus membros no paro. Pois ben, no peor momento das últimas décadas, o Goberno de España decidiu subir a presión fiscal ás familias. Así, nos Presupostos Xerais do Estado para 2021 incluíuse un aumento da recadación derivado da suba de impostos por un importe de 8.000 millóns de euros.


Dende o 1 de xaneiro de 2021:

- subiu o imposto de matriculación
- incrementouse o IVA das bebidas azucradas ata o 21%
- as pólizas de seguros de fogar, de vehículos, de decesos, do comercio etc. que teñen 17,8 millón de españois, o 95% das familias, subiron ao aumentar o imposto aos seguros.
- comezaron a funcionar as taxas Google e Tobin que se aplican sobre determinados servicios dixitais e sobre as transaccións financeiras respectivamente.
- as desgravacións que teñen millóns de españois polos seus respectivos plans de pensións, -que tanto se incentivaron ata o de agora como aforro-, quedaron reducidas a unha mínima contía.

Mentres os distintos gobernos da Unión Europea optaron por baixar a presión fiscal aos cidadáns, o goberno de Sánchez decide subilos, cando os ingresos das familias, autónomos ou empresas estanse a ver moi reducidos e, en algúns casos, desapareceron, contribuíndo ao maior empobrecemento dos españois, especialmente aqueles con rendas medias e baixas.

Case todos os estudos coinciden en sinalar que o 84% dos novos ingresos estatais obteríanse de familias de rendas medias e medias/baixas. Só un 16% da nova recadación, aproximadamente, chegará ás arcas do Estado dende as persoas que teñen un maior poder adquisitivo.

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	41/53



Por si o "sablazo fiscal" incluído nos PXE para 2021 non fora suficiente coñecemos, que, entre os máis de 2.000 folios do 'Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia' enviado a Bruxelas, o Goberno de España esconde unha subida histórica de impostos. Entre os aspectos máis destacados podemos mencionar:

- a eliminación da redución por tributación conxunta no IRPF que beneficia a 3,7 millóns de fogares, sobre todo se teñen fillos a cargo e uno de los cónxuxes está en paro ou rexistra uns ingresos moi baixos
- a eliminación ou modificación de 13 beneficios fiscais (reducións, exencións, bonificacións) dende os tipos reducidos de IVA ou a exención deste tributo en sanidade e educación, a redución en IRPF por alugueiro de vivendas ou as bonificacións dos hidrocarburos empregados como carburante (é dicir, aumento do imposto que grava o diésel)
- establecerase un imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiro e á incineración e outro que grave os envases de plástico non reutilizables
- ademais, a partir de 2024 o goberno imporá o pago por uso (peaxe) nas vías de alta capacidade (autopistas e autovías) non só estatais senón tamén autonómicas.

A escusa que esgrime o goberno para perpetrar este atraco á sociedade española é que "España presenta un diferencial negativo de ingresos en relación con la Unión Europea" e que hai que "acercar los niveles de tributación de España a la media de los países de nuestro entorno" (Pág.1 del "Componente 28-Adaptación del sistema impositivo a la realidad del siglo XXI" del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia).

Tamén argumentou que pretende igualar a presión fiscal española á media europea subindo impostos aos ricos que permitirán poder financiar un maior gasto social.

Ante isto hai que sinalar que a presión fiscal non é, segundo todos os expertos, o mellor indicador para valorar si un país carga aos seus cidadáns con moitos impostos ou non.

Isto é así porque en España hai unha serie de factores que provocan que a cifra de recadación e por tanto, a ratio de recadación en relación ao PIB (presión fiscal), sexan baixos: taxa

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	42/53



de desemprego que dobra a media europea, baixa renda per cápita, maior peso da economía sumerxida, etc.

Por todo, é máis correcto analizar o índice de esforzo fiscal que relaciona a recadación coa capacidade económica do contribuínte. E segundo este indicador, España atópase xa entre os 5 países da OCDE que maior esforzo fiscal esixen aos seus cidadáns.

E como xa vimos as subas de impostos previstas polo Goberno afectan maioritariamente ás clases medias e baixas, non aos ricos.

Polo exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular, presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

1.- O Pleno da Deputación de Lugo insta ao goberno de España a:

- Anular o incremento de impostos incluído nos PXE para 2021.
- Non poñer en marcha as subidas de impostos, os novos tributos e os peaxes nas autovías e autopistas españolas incluídos no Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia.
- Descartar a eliminación dos beneficios fiscais que figuran no documento enviado á Unión Europea.

2.- Dar traslado deste acordo ao Presidente do Goberno, á Ministra de Hacienda, ás presidentas do Congreso e do Senado, -así como aos Portavoces dos Grupos Políticos destas cámaras-, e á Xunta de Goberno da FEMP”.

Considerando que o asunto está suficientemente debatido, o Presidente anuncia que o vai someter a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). E téndose producido empate de votos a favor e en contra, de acordo co

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	43/53



sinalado no artigo 120 do Regulamento Orgánico da Corporación, o Presidente manifesta que se efectuará unha nova votación.

Efectuada unha segunda votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Pleno da Corporación por maioría, co voto de calidade do Presidente, acorda rexeitar moción presentada.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202105251023000000_FH.mov&topic=11

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

12.- CONTA DOS INFORMES DO 1º TRIMESTRE DE 2021 RELATIVO AO CUMPRIMENTO DE PRAZOS DA LEI 15/2010 DA DEPUTACIÓN DE LUGO E DO CONSORCIO PROVINCIAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE LUGO.

Dada conta dos informes do 1º trimestre de 2021 relativo ao cumprimento de prazos da Lei 15/2010 da Deputación de Lugo e do Consorcio Provincial para a prestación do servizo contra incendios e salvamento de Lugo, o Pleno da Corporación queda enterado.


Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202105251023000000_FH.mov&topic=12

13.- CONTA DOS INFORMES DOS MESES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE 2021 DO RD 635/2014.

O Pleno da Corporación queda enterado dos informes dos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2021 do RD 635/2014.

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	44/53



Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202105251023000000_FH.mov&topic=13

14.- CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA DA DEPUTACIÓN DE LUGO A 31 DE MARZO DE 2021.

O Pleno da Corporación queda enterado da información económica da Deputación de Lugo a 31 de marzo de 2021.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202105251023000000_FH.mov&topic=14

15.- CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA A 31 DE MARZO DE 2021 E PREVISIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2021.

Dada conta do informe de avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a 31 de marzo de 2021 e previsión a 31 de decembro de 2021, o Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202105251023000000_FH.mov&topic=15

16.- CONTA DO INFORME DE CONTROL INTERNO DA DEPUTACIÓN DE LUGO DO EXERCICIO 2020.

O Pleno da Corporación queda enterado do informe de control interno da Deputación de Lugo do exercicio 2020.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202105251023000000_FH.mov&topic=16

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	45/53



17.- CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE ABRIL DE DOUS MIL VINTE E UN.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día catro ao trinta de abril de dous mil vinte e un, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 1006 ao 1400. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202105251023000000_FH.mov&topic=17

18.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202105251023000000_FH.mov&topic=18

ASUNTOS DE URXENCIA

Intervén o Sr. Presidente para manifestar que, antes do apartado de Rogos e Preguntas, vaise someter á consideración do Pleno unha moción de urxencia que foi presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular ; polo que se procederá en primeiro lugar á votación da declaración de urxencia da mesma.

Moción de urxencia do Grupo Provincial do Partido Popular, en defensa do servizo postal público de correos na provincia de Lugo.

Logo de ver a moción presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu de debate e aprobación se procede na vindeira

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	46/53



sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción de urxencia do Grupo Provincial do Partido Popular, en defensa do servizo postal público de correos na provincia de Lugo.

Xustificación da urxencia

A urxencia desta moción que presenta o Grupo Provincial do Partido Popular apoiase en dous piares fundamentais. Por un lado, porque os sindicatos que impulsan esta iniciativa indicáronnos que era posible que a moción fose incluída na orde do día do pleno, que se celebrará no día de hoxe, a proposta do goberno provincial. Como non figura na orde do día, vémonos na obriga de recorrer á vía da urxencia.

Por outra parte, porque coincidimos cos sindicatos na urxencia de adoptar de inmediato este acordo para frear canto antes as decisións que está adoptando a dirección de Correos e que suponen o desmantelamento de moitos dos servizos que presta. Correos é un servizo público fundamental para a sociedade que, lonxe de ver reducida a súa capacidade operativa, precisa de máis e mellores prestacións, incluídas algunhas capaces de dar resposta ás circunstancias actuais dunha gran parte da poboación, especialmente no ámbito rural.

Por todo elo, consideramos que é urxente aprobar esta moción.

Exposición de Motivos:

Nun contexto como o actual, o servizo postal público prestado por Correos xoga un indubidable papel para contribuir á cohesión social, territorial e económica do país, tanto a nivel estatal, como autonómico e especialmente no ámbito municipal, percorrendo e atendendo diariamente todas as localidades e municipios do Estado, garantindo a prestación dun servizo público á cidadanía, empresas e administracións na totalidade dos núcleos de poboación, á marxe da súa rendibilidade económica.

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	47/53



Os datos póneno en valor: máis de 8.000 municipios atendidos, 16 millóns de fogares, 3,2 millóns de empresas (máis de 99% son Pemes) e un total de 7.100 puntos de atención no ámbito rural (carteiros/as rurais e oficinas) e máis de 100.000 quilómetros diarios.

Os Servizos Postais, declarados durante o estado de alarma como servizos esenciais son un elemento arraigado na vida social dos municipios da provincia dende a prestación dun servizo público, contribuíndo ao desenvolvemento económico dos mesmos, facilitando e dando accesibilidade por dereito aos cidadáns/ás, comercios e empresas e administracións a dispoñer dun servizo asequible e de calidade.

Mostramos a nosa profunda preocupación polo debilitamento do servizo público postal, que está levando a cabo a Dirección de Correos, mediante o recorte de servizos rurais, a externalización de servizos, o transvase da actividade a outras empresas, e, polos resultados económicos negativos que debilitan o servizo público de Correos ao que se encomenda a súa prestación como operador público, afectando directamente ao dereito da cidadanía á recepción de correspondencia de forma accesible e asequible, especialmente na “España vaciada”.

O resultado é que, concretamente, na provincia de Lugo, Correos suprimiu máis de 12 postos de traballo. Asemade, a empresa pública está levando a cabo un recorte na contratación que está deixando sen cubrir o emprego estrutural e calquera tipo de permiso ou licenza dos seus traballadores/as. Como consecuencia, a prestación do servizo público postal baixará a súa calidade drásticamente.

A actual *Ley Postal* e outras normas dependentes recoñecen sen lugar a dúbida que:

- Todos os/as usuarios/as, remitentes ou destinatarios de envíos postais, teñen dereito a un servizo postal universal de calidade prestado de forma permanente, en todo o territorio nacional e a prezos asequibles, polo menos cinco días á semana, conforme á normativa europea e nacional de aplicación.
- O alcance e a prestación efectiva do Servizo Postal Universal deberán responder aos principios de cohesión social e territorial, non discriminación por razón de calquera

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	48/53



circunstancia ou condición persoal, social ou xeográfica, continuidade, eficacia e eficiencia no servizo, e deberán adecuarse permanentemente ás condicións técnicas, económicas, sociais e territoriais e ás necesidades dos usuarios, en particular en materia de densidade de puntos de acceso e de accesibilidade aos mesmos, sen menoscabo da súa calidade.

Polo exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular, presenta esta moción coa seguinte Proposta de Acordo:

- i. O Pleno da Deputación Provincial de Lugo require:
 - A SAE Correos y Telégrafos S.M.E.
 - Á Sociedade Estatal de Participaciones Industriales (SEPI)
 - Ao Ministerio de Hacienda.
 - Ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana.
 - E ao Goberno da Nación.

para que adopten as seguintes medidas, que entendemos necesarias para garantir a prestación do servizo postal público e a súa permanencia na provincia de Lugo:

- Reforzar o financiamento do servizo público postal, insuficiente na actualidade, no vindeiro Plan de prestación a aprobar polo *Consejo de Ministros*, de modo que asegure un servizo de calidade para o conxunto da cidadanía. Tamén, para asegurar a cohesión social, económica e territorial.
- Incluir a Correos, a maior empresa pública do noso país, no reparto de *Fondos para a Recuperación, Transformación y Resiliencia*, para que xogue un papel clave na resposta, que como sociedade, debemos dar a crise sanitaria e económica provocada pola covid-19.
- Actualización e mantemento das oficinas auxiliares (rurais) e unidades de reparto existentes nas zonas rurais, claves na reversión da “*España vaciada*”. É a única maneira de contribuir a que aquelas áreas xeográficas de reparto deficitarias economicamente poidan disfrutar dun Servizo Postal en igualdade de condicións prespecto á poboación dos grandes núcleos urbanos.

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	49/53




- Reforzo da capilaridade de Correos ampliando o número de oficinas, unidades de reparto e centros de tratamento coa finalidade de lograr o maior acercamento ao cidadán/á e lobrar as condicións óptimas de accesibilidade marcadas pola *Ley Postal* e a Directiva Postal Europea.
 - Garantir a cobertura de postos de traballo estruturais necesarios, na actualidade insuficientes.
 - Instar o cumprimento dos parámetros de calidade determinados pola *Ley Postal* e o regulamento que regula a prestación do Servizo Postal Universal, e en definitiva que se aborde de forma eficaz e eficiente o correcto e necesario desempeño da prestación dos servizos postais públicos, co obxectivo de asegurar a todos os cidadáns/ás da provincia de Lugo a recepción da súa correspondencia, ao menos cinco días á semana como se atopa tamén establecido na Directiva Postal Europea.
- II. Darase traslado deste acordo ao Goberno da Nación e a todos os Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados, á Sociedade Estatal de Correos y Telégrafos, á Sociedade Estatal de Participaciones Industriales (SEPI), ao Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana e ao Ministerio de Hacienda, coa finalidade de que se resitúe ao correo público na axenda do goberno para a Recuperación, Transformación e Resiliencia do noso país”.

Efectuada a votación da declaración de urxencia da moción, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada a declaración de urxencia da moción, dado que non acadou a maioría absoluta necesaria para a súa aprobación e a inclusión na Orde do Día.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202105251023000000_FH.mov&topic=19

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	50/53



19.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Polo Presidente maniféstase que hai un Rogo e unha Pregunta formulados polo Grupo Proivncial do Partido Popular, que se tratarán a continuación.

ROGO

Formulado polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativo ás vías provinciais LU-P-1801 e LU-P-1805, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para o vindeiro Pleno da Excmá. Deputación Provincial de Lugo o seguinte Rogo:


A Ribeira Sacra é, tal e como destacou recentemente o conselleiro de Cultura, “un dos rostros máis recoñecibles e admirables de Galicia que destaca pola súa capacidade para conservar os seus valores excepcionais ao longo de mais de 1500 anos de historia. Trátase dun espazo único que a ninguén lle sorprende que aspire a converterse en Patrimonio da Humanidade pola Unesco”.

É un recoñecemento pendente tan so do pronunciamento do “Comité Internacional de Coordinación del programa MaB (Mano and Biosphere)”, órgano reitor da Unesco e responsable da decisión sobre as candidaturas.

Este Grupo considera que dende todas as administracións debemos traballar para outorgarlle a esta paisaxe cultural a máxima protección cultural, natural e paisaxística co obxectivo de blindar os valores que a fan única.

Hai un elemento fundamental para a promoción turística de calquera ámbito territorial e moi sinaladamente da Ribeira Sacra que é a calidade da rede viaria pola que teñen que circular os visitantes.

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	51/53



No caso das estradas da Deputación, o seu estado de conservación é na maior parte dos casos lamentable e nas estradas LU-P-1801 e LU-P-1805 alcanzan niveis incompatibles non so coa promoción turística senón tamén co dereito dos lucenses a circular por vías que reúnan as condicións esixibles a estas alturas doséculo XXI.

A vista do exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular solicita ao goberno da Deputación e, concretamente ao seu Presidente, que proceda a adoptar as medidas necesarias para arranxar con urxencia tanto o pavimento como a sinalización horizontal e vertical das seguintes estradas provinciais ao seu polo concello de Chantada:

LU-P-1801 Chantada-Nogueira-Os Peares.

LU-P-1805 Seixo-Mato-Esmoriz”.

PREGUNTA

Formulada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa á provisión do posto de director da Granxa Provincial, do seguinte teor:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte pregunta:

Visto que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria celebrada o pasado 23 de abril de 2021, aprobou declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do funcionario D. Miguel Angel Fernández López, veterinario do cadro de persoal funcionario, que ocupaba o posto de Director da Granxa Provincial, con efectividade do día 7 de maio de 2021, derradeiro día que prestou servizos á institución provincial.

Este Grupo formula a seguinte pregunta ao Sr. Presidente:

“Quen ocupa de maneira definitiva ou provisional o citado posto ou quen desempeña actualmente as funcións propias do mesmo?”.

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	52/53



Intervencions:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202105251023000000_FH.mov&topic=20

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.

	IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Fecha y Hora	09/06/2021 12:22:07
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7ES2R3FFOSQX6IBVAMCT2QEY	Página	53/53

